

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CMARG01	Impresión gráfica	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0883	Impresión en baixorrelevo	2018/2019	4	107	107
MP0883_12	Impresión en rotogravado	2018/2019	4	37	37
MP0883_22	Impresión tampográfica	2018/2019	4	70	70

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	DANIEL CASTELO GUERRERO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo Impresión en baixorrelevo, pertencente ao Ciclo Medio de Impresión Gráfica; tomado como referencia o borrador actualmente existente polo que se establece o título de técnico en Impresión Gráfica e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

As condicións que o Departamento de Artes Gráficas do CIFP Compostela tiña no momento da implantación deste novo ciclo e unha máquina de unha cor tampográfica para todo o alumnado sen que a Administración concedese unha nova máquina. Polo demais, a Unidade Formativa de Impresión en ocogravado carece de:

- máquina ou
- calquera tipo de simulador que aparecen na dotación mínima do currículo.

Por estas cuestións, e considerando a mínima presenza de ocogravado no sector produtivo galego, incidirase na unidade formativa adicada á tampografía, que ten un peso salientable na contorna produtiva galega e compostelá en particular.

Incidir quere dicir neste caso que a parte práctica, que debería estar presente nas dúas unidades formativas, centrarase na parte tampográfica, mentras os conceptos de ocogravado terán que ser desenvolto de xeito fundamentalmente teórico.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O sistema de impresión de ocogravado	Establece o marco onde se desenvolve o sistema dentro do sector	15	14
2	A cor no sistema de ocogravado	Limitacións e códigos para establecer a xestión de cor	15	14
3	O módulo de ocogravado	Elementos dun módulo impresor de ocogravado	7	6
4	O sistema de impresión tampográfica	Establece o marco onde se desenvolve o sistema dentro do sector	15	14
5	Elaboración da forma impresora tampográfica	Prepararase a forma impresora tampográfica coas condicións preestablecidas	20	19
6	Preparación da máquina impresora tampográfica	Adaptarase a máquina para o proceso produtivo de xeito que se consiga a primeira impresión válida no menor tempo posible e coa mínimas mermas posibles	10	9
7	Realización da tiraxe tampográfica	Procederese á tiraxe de diferentes soportes controlando a constancia e calidade dos produtos	20	19
8	Realización da limpeza e mantemento da máquina tampográfica	Respectaranse os protocolos para que a máquina estea operativa na seguinte tiraxe	5	5



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O sistema de impresión de ocogravado	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Regula o corpo impresor da máquina de rotogravado, distinguindo os seus elementos (cilindro gravado, cilindro de presión e sistema de tintaxe)	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Colocáronse na máquina os cilindros gravados correspondentes ao traballo que se vaia realizar e na orde indicada
CA1.2 Identificouse a dureza do cilindro de presión máis adecuado ao soporte que se vaia imprimir
CA1.3 Calculouse a presión do cilindro de presión correspondente ao soporte que se vaia imprimir
CA1.4 Axustouse a posición horizontal, vertical e angular, así como o desprazamento lateral da coitela do portacoitelas
CA1.6 Establecéronse a presión e o ángulo de inclinación da coitela adecuados para o tipo de impresión indicada

4.1.e) Contidos

Contidos
Cilindro gravado: composición, tipos de gravado e tratamentos posteriores.
Regulación da presión, paralelismo, ángulo e movemento axial da coitela.
Cilindros de presión: composición e características.
Tipos de coitelas para rotogravado. Materiais e tipos de afiadura (convencional e automática).
Tipos de secado adecuados segundo o soporte que se vaia imprimir.
Preparación e axuste en máquina do cilindro gravado.
Corpo impresor: regulación do grupo impresor, presións e desenvolvementos.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A cor no sistema de ocogravado	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Regula o corpo impresor da máquina de rotogravado, distinguindo os seus elementos (cilindro gravado, cilindro de presión e sistema de tintaxe)	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Establecéronse os métodos de preparación do difusor de tinta e das características reolóxicas das tintas que se vaian utilizar
CA1.7 Determinouse a temperatura do forno de secado segundo a velocidade de impresión e o soporte que se vaia imprimir

4.2.e) Contidos

Contidos
Regulación dos fornos de secado: temperatura, caudal de aire, etc.
Medición das características reolóxicas e axuste ás necesidades de impresión. Regulacións en máquina.
Tintas de rotogravado: composición, características e maquinabilidade.
Tipos de aditivos para as tintas de rotogravado: diluentes, retardantes de secado, pastas de alongamento, correctores de viscosidade, etc.
Influencia dos aditivos na reoloxía das tintas para rotogravado.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O módulo de ocogravado	7

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza o rexistro e a entoación do impreso en rotogravado, relacionando a posición correcta da imaxe sobre o soporte coa cantidade de tinta transmitida ao impreso	SI
RA3 - Realiza a tiraxe en rotogravado, describindo os defectos de impresión	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícase e corríxiuse no impreso tanto a altura das imaxes como o rexistro circunferencial e axial
CA2.2 Actúase sobre o desprazamento do cilindro gravado e/ou sobre os roletes oscilantes para conseguir o rexistro exacto
CA2.3 Aplícanse os valores densitométricos e colorimétricos en rotogravado
CA2.4 Identifícase e corríxiuse, de ser o caso, a densidade da capa de tinta defectuosa sobre o soporte
CA2.5 Regúlase a transferencia de tinta, actuando sobre a presión entre cilindros
CA2.6 Compróbase e corríxiuse o secado da tinta, regulando a dosificación dos diluentes, acelerantes e retardantes
CA3.1 Identifícanse as características técnicas do prego ok en rotogravado (condicións da cor e rexistro e ausencia de defectos)
CA3.2 Detectáronse e corríxonse as variacións tonais mediante o uso do colorímetro e aplicando as tolerancias do delta E das coordenadas lab en rotogravado
CA3.3 Detectáronse e corríxonse as variacións tonais mediante o uso do densitómetro, non superando as tolerancias en densidade da masa, ganancia de estampaxe, contraste de impresión e trapping en rotogravado
CA3.4 Dedúcionse os defectos de secado e adherencia da tinta mediante o test de imprimabilidade en rotogravado
CA3.5 Detectáronse e corríxonse os defectos característicos da impresión en rotogravado (raias, perda de punto, etc.)
CA3.6 Estableceuse a velocidade da máquina, a temperatura dos fornos e o caudal de aire para controlar o proceso de secado durante a produción en rotogravado
CA3.7 Estimouse o método e a frecuencia de mostraxe dos impresos da produción en rotogravado

4.3.e) Contidos

Contidos
Rexistro da imaxe en rotativas de rotogravado: rexistro axial e circunferencial.
Sistemas de tintaxe en máquinas de rotogravado: tinteiro, bandexa, difusor, depósito de tinta, bomba, viscosímetro e circuíto.
Variables que afectan a tintaxe: posición e tipo de coitelas, reloxía das tintas, presións, durezas, etc.
Defectos característicos na impresión en rotogravado: aumento de viscosidade da tinta, raias, borranchos, perda de punto, engurras do papel, secado, repintes, etc.
Regulación dos mecanismos de posición da imaxe e roletes oscilantes.



Contidos

Regulación das variables que afectan a tintaxe.

Secuencia de impresión e axustes de entoación.

Elementos para o control do impreso: tiras de control, cotas Autotrón e testemuño lateral.

Características da orde de traballo para máquinas de rotogravado.

Partes de produción: tipos e sistemática na súa confección.

Tipos de residuos industriais durante a tiraxe: clasificación.

Aparellos de medición: estroboscopios, espellos rotatorios, densitómetros e colorímetros.

Sistemas de medición e comprobación de características colorimétricas: valor tonal, densidade de masa, contraste de impresión, trapping, contido en gris, etc.

Detección dos defectos característicos na impresión en rotogravado: aumento de viscosidade da tinta, raias, borranchos, perda de punto, engurras do papel, secado, repintes, ancoraxe de tinta, etc.

Normas de calidade do impreso en rotogravado.

Sistemas de mostraxe.

Contraste do impreso con mostras autorizadas.

Axustes na reoloxía de tintas, aditivos, presións, coitelas, etc.

Axustes nos mecanismos de posición da imaxe e roletes oscilantes.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O sistema de impresión tampográfico	15

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e regula a máquina de tampografía, recoñecendo a forma impresora e elixindo os tampóns, a base portaobxectos e as tintas máis adecuadas	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícaronse os tampóns adecuados en tamaño, forma, dureza e tipo de impresión
CA1.7 Realizáronse as operacións de manexo e acondicionamento das tintas utilizando os equipamentos de protección individual necesarios e clasificando os residuos nos seus contedores específicos

4.4.e) Contidos

Contidos
Máquinas de tampografía: corpo impresor, formas impresoras, tampóns e materiais de impresión.
Métodos e normas de orde e limpeza no posto de traballo.
Moldes e bases portaobxectos. Desprazamento en lanzadeira ou carrusel.
Tintas de tampografía: composición, características e maquinabilidade.
Tipos de aditivos para as tintas de tampografía: diluentes, retardantes de secado, pastas de alongamento, correctores de viscosidade, etc.
Influencia dos aditivos na reoloxía das tintas para tampografía.
Tinteiros de tampografía abertos e pechados.
Identificación dos riscos asociados á impresión en baixorrelevo.
Determinación das medidas de prevención de riscos laborais na impresión en baixorrelevo.
Determinación e prevención de riscos laborais nos procesos de impresión en baixorrelevo.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Elaboración da forma impresora tampográfica	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e regula a máquina de tampografía, recoñecendo a forma impresora e elixindo os tampóns, a base portaobxectos e as tintas máis adecuadas	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Instaláronse as formas impresoras na máquina e actuouse sobre os elementos de fixación
CA1.3 Seleccionouse e preparouse o molde portaobxectos, atendendo ás características e ao formato do obxecto que se vaia imprimir
CA1.6 Aplicouse o método de regulación da rasqueta e a contrarrasqueta na tintaxe aberta

4.5.e) Contidos

Contidos
Máquinas de tampografía: corpo impresor, formas impresoras, tampóns e materiais de impresión.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Preparación da máquina impresora tampográfica	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e regula a máquina de tampografía, recoñecendo a forma impresora e elixindo os tampóns, a base portaobxectos e as tintas máis adecuadas	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Preparáronse as tintas cos aditivos adecuados para obter as condicións de viscosidade, transferencia e tempo de secado
CA1.5 Valorouse e corrixiuse a tintaxe e a limpeza uniforme da forma impresora
CA1.7 Realizáronse as operacións de manexo e acondicionamento das tintas utilizando os equipamentos de protección individual necesarios e clasificando os residuos nos seus contedores específicos

4.6.e) Contidos

Contidos
Montaxe e regulación dos elementos.
Colocación e axustes dos tinteiros.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Realización da tiraxe tampográfica	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza a tiraxe en tampografía, analizando as calidades da proba impresa ok	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as características técnicas do impreso ok (condicións da cor e rexistro e ausencia de defectos) en tampografía
CA2.2 Analizáronse as variacións tonais mediante o uso do colorímetro e aplicando as tolerancias do delta E das coordenadas lab en tampografía
CA2.3 Detectáronse e corríronse as variacións tonais mediante o uso do densímetro, non superando as tolerancias en densidade da masa, ganancia de estampaxe, contraste de impresión e trapping en tampografía
CA2.4 Deducíronse os defectos de secado e adherencia da tinta mediante o test de imprimabilidade en tampografía
CA2.5 Detectáronse e corríronse os defectos característicos da impresión en tampografía (electricidade estática e deformación da imaxe)
CA2.6 Estableceuse a velocidade da máquina e a temperatura do caudal de aire do secador para controlar o proceso de secado durante a produción en tampografía
CA2.7 Estimouse o método e a frecuencia de mostraxe dos impresos da produción en tampografía

4.7.e) Contidos

Contidos
Características da impresión: orde de impresión, rexistro, entoación, ganancia de estampaxe, secado e ancoraxe de tinta.
0Rexistro de datos en follas de control e seguimento do proceso.
Axustes de rexistro: posición das formas impresoras, e desprazamento dos tampóns e das bases portaobxectos.
Detección de defectos: rexistro, tintaxe, transferencia forma-tampón-soporte, ganancia de estampaxe, secado, ancoraxe de tintas, etc.
Sistemas de medición e comprobación de características da impresión: orde de impresión, rexistro, entoación, ganancia de estampaxe, secado e ancoraxe de tinta.
Axustes na reoloxía das tintas.
Axustes nas presións de transferencia forma-tampón-soporte.
Obtención de primeiras probas ok e comparación con mostrax autorizadas.
Corrección de defectos: rexistro, tintaxe, transferencia forma-tampón-soporte, ganancia de estampaxe, secado, ancoraxe de tintas, etc.
Sistema de mostraxe. Frecuencia segundo produción.



4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Realización da limpeza e mantemento da máquina tampográfica	5

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza a limpeza e o mantemento preventivo da máquina de tampografía, identificando a documentación técnica e aplicando as medidas de seguridade e protección previstas no plan de prevención de riscos e protección ambiental	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Retíranse da máquina e limpáronse os tinteiros, os fotopolímeros e os tampóns utilizando os produtos adecuados, ao finalizar a tiraxe
CA3.2 Utilizáronse os equipamentos de protección individual durante as operacións de limpeza e mantemento
CA3.3 Limpáronse os compoñentes fixos da máquina, utilizando os produtos adecuados
CA3.4 Contrastouse o correcto funcionamento dos dispositivos de seguridade da máquina
CA3.5 Lubricáronse os elementos móbiles especificados no manual de mantemento
CA3.6 Verificáronse e notificáronse as anomalías dos circuitos pneumáticos, seguindo o manual de mantemento
CA3.7 Clasificáronse nos contedores correspondentes os residuos industriais xerados no proceso produtivo
CA3.8 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os utensilios e as máquinas que se utilizan na impresión en baixorrelevo

4.8.e) Contidos

Contidos
Manuais de fábrica da máquina.
Manual de mantemento preventivo.
Plan de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.
Operacións de desmontaxe, limpeza e almacenamento de tinteiros, tampóns, placas de tampografía e moldes portaobxectos.
Tipos de residuos industriais durante a limpeza: clasificación.
Elementos funxibles das máquinas.
Lubricantes: tipos e aplicacións.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles serán:

- UD2:

Establecéronse métodos para a preparación da tinta (CA 1.5)

- UD3:

Aplicáronse os valores densitométricos (2.3) e todos os relacionados coa tiraxe: Identificáronse as características do prego OK, detectáronse e corrixióronse o valores tonais mediante densitómetro e colorímetro e detectáronse erros de secado e defectos de impresión (3.1, 3.1, 3.3, 3.4 e 3.5)

- UD4:

Identificáronse tampóns (1.2)

-UD5:

Instaláronse formas impresoras, molde portaobxectos e regulouse a rasqueta (1.1, 1.3 e 1.6)

- UD6:

Preparáronse as tintas, corrixiuse a tintaxe e manexo e acondicionamento de tintas (1.4, 1.5 e 1.7)

- UD7:

Todos os relacionados con esta unidade (Realización da tiraxe) considéranse mínimos, agás deducir os defectos de secado (2.4)

- UD8:

A parte práctica desta unidade, relacionada coa seguridade e mantemento, consideráse mínimo esixible (3.1, 3.2, 3.3 e 3.4), así como a identificación dos riscos (3.8).

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

Realizaremos (para os contidos conceptuais fundamentalmente) probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser de diverso tipo. Test, preguntas breves, casos prácticos... e todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. No caso de ter varias probas será a media aritmética das notas obtidas a que nos dará a cualificación final neste apartado. Non se fará a a media de ter algunha das probas con cualificación menor a 3,5. Suporán un 50% da cualificación final do módulo.

As actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo servirannos para avaliar procedementos; Traballos individuais e grupais nos que se valora a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedementais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 45% da cualificación do módulo.

Formarán parte da cualificación ademais a presentación e o interese/traballo en equipo (cualificacións cualitativas e que formarán parte da avaliación de actitudes). Valorarase a puntualidade, a asistencia ás clases, unha actitude de respecto tanto de cara ao profesorado coma os compañeiros/as, receptividade, así como a iniciativa, o interese, a presentación axeitada dos distintos materiais solicitados, a participación e o traballo en equipo dos alumnos/as, a uniformidade e coidado da imaxe persoal, e todos aqueles aspectos actitudinais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Dado o carácter fundamentalmente práctico do módulo, dicir que en ningún caso superarán a avaliación aqueles/as alumnos/as que a súa cualificación neste apartado sexa negativa ou inferior a 5. Suporán un 5% da cualificación final do módulo.



Por mor de ter dúas unidades formativas totalmente desvinculadas, o aprobado final está condicionado pola superación das distintas avaliacións, que poderán ser recuperadas en xuño de 2019.

Finalmente, dado que se trata de ensinanzas presenciais a/o alumna/o deberá asistir regularmente ás actividades programadas, considerándose perda de avaliación continua cando o número de faltas supere o 10% da duración do módulo, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 (DOG nº136/2011 do 15 de xullo). Admitiranse un 5% adicional de faltas sempre que sexan xustificadas documentalmente.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo no período ordinario de FCT. Para este fin, seranlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado. (MD.75.AVA.01 do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01)

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

- ¿ Actividades prácticas similares as realizadas ao longo do curso na aula/taller/obradoiro, que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio do profesor).
- ¿ Nunha proba teórica conceptual de todo o módulo, na que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.
- ¿ Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades desenvolvidas e/ou presentadas como na proba teórica e na valoración actitudinal, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro¿ e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4 O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións¿.

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua.

Poderá ter un 5% de faltas a maiores sempre que se xustifiquen documentalmente.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizaráse o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso MD.75.PRO.04 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28 ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor e datos de información de matrícula.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propondo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15 ¿De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral¿.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:



- Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
- Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
- Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
- Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
- Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)
- Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.
- Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Realizaranse visitas a empresas do sector gráfico, centradas en observar os procedementos produtivos na industria e, a lo menos, observar aqueles procedementos que non se desenvolvan no taller de forma completa o parcial:
Impresión dixital de gran formato
Acabados
 - Realizaranse visitas a exposicións, feiras e museos que se celebren no contorno da cidade Santiago de Compostela
- A previsión inicial é:
- | | |
|----------|---|
| Novembro | Visita a empresas offset, dixitais e de preimpresión en Santiago de Compostela (Museo do Pobo Galego ¿AAGG-, Brandía e Tórculo) |
| Decembro | Visita a empresas offset, dixitais e de preimpresión en Galicia (Uniter e Coreti) |
| Xaneiro | Visita a empresas flexográficas e serigráficas en Galicia (Valver, Flexgal, Etilaher e Playdesa) |
| Febreiro | Visita Feira de Artes Gráficas (PortugalPrint, 14-16 febreiro) e Multitema (Porto) |
| Marzo | Visita Feira de Artes Gráficas (Graphispag, 26-29 de marzo) e empersas do sector en Barcelona |
| Abril | Visita a empresas en Asturias (Morés) |
| 1º-2º | Trimestre Conferencia de ilustración, libro ilustrado e cómic |